

**IX BIENAL DA CARICATURA DE OURENSE**  
**Do 5 ao 30 de marzo de 2008**

PROGRAMA

*Organizan:* Casa da Xuventude e Concellaría de Cultura

*Colaboran:* A Peneira, Centro Cultural Deputación Ourense, Gran Hotel Ourense San Martín, Humorgrafe de Lisboa, Museo Municipal de Ourense, O Liceo de Ourense, Universidade de Vigo – Vicerreitoría do Campus de Ourense

*Patrocinan:* Concello de Ourense e Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade

**EXPOSICIÓNS:**

**CARICATURISTAS GALEGOS**

Selección da obra feita entre 2006 e 2008 polos autores que publican nos distintos medios galegos: Abraldes, Aguilera, Pepe Carreiro, Davila, Estévez, Gogue, Nacho Hortas, Xosé Tomás, Leandro, López, Xaquín Marín, Pinto e Chinto, Omar, Orballo, Miguelanxo Prado, Fernando Quesada, M. B. Rei, Santy, Kiko da Silva, Calros Silvar, Siro, Suso Sanmartín, Tonisavski, Valcárcel, Veiga e Xosé Lois. De novo unha revisión, a través das obras de cada autor, do mellor da caricatura e o humor gráfico galegos actuais, con todos os seus estilos e enfoques.

No Museo Municipal

**CARICATURISTAS NOVEIS**

Premios e obras seleccionadas do IX Concurso Galego de Caricaturistas Noveis, convocado pola organización da Bienal. En total, corenta e nove caricaturas a cargo de Sandra Álvarez Guzmán, Eulogio Canal Pérez, Carlos Casado Freire, Miguel Casado Freire, Alba Cid Fernández, Cristina García Cabanas, Daniel Iglesias Padrón, Alberto Lema Calvo, Roi Paz Collazo, Juan Luis Pérez Rodríguez, Roi Rodríguez Cagiao, Miguel Ruiz Díaz e Luis Sendón Cedrón.

Na Casa da Xuventude

**EXPOSICIÓN HISTÓRICA: JOÃO ABEL MANTA**

Unha homenaxe ao autor portugués co gallo do seu 80 aniversario. Con obra do propio Abel Manta e de Álvaro Santos, António Amado, António Santos (Santiago), Carlos Amorim, Daniel Moreira, David Pintor, Eriço Aires, Filipa Malaquias, Joaquín Aldeguer, João Mascarenhas, José Ruy, José Santos, Luís Afonso, Luís Veloso, Michel Casado, Nelson Santos, Nuno Pardal, Paulo Fernandes, Paulo Santos, Pedro Alves, Ricardo Galvão, Romeu Cruz, Rui Pimentel e Zé Oliveira. Mostra coordinada por Osvaldo Macedo de Sousa, de Humorgrafe.

No Centro Cultural Deputación de Ourense, Sala Cero

**AUTOR CONVIDADO: TURCIOS**

Monográfica do caricaturista colombiano Omar Figueroa Turcios, un dos máis notábeis debuxantes de prensa na actualidade. Turcios é un auténtico vangardista en constante exploración da orixinalidade estética, e esta exposición permite unha ollada á súa obra a través dunha selección feita por el mesmo.

Na Casa da Xuventude de Ourense

**«RETRANCA», A REVISTA MENSUAL DE HUMOR GALEGO**

Unha selección do material publicado nos cinco primeiros números da revista dirixida por Kiko da Silva, con obras de Guitián, Miguelanxo Prado, Mel, Leandro, Pinto & Chinto, Xaquín Marín, Luís Davila, Fernando Iglesias *Kohell*, Jacobo Fernández, Colectivo Pestinho + 1, J. L. Rubiño, Andrés Meixide, Reizentolo + Juan Silva, Alberto Montt, Idígoras & Pachi, Vítaro e Óscar Villán. O venres, día 7, ás 12 horas, na Biblioteca do Campus, presentárase o nº 5 de *Retranca*, coa presenza do seu director Kiko da Silva

No Edificio Politécnico do Campus Universitario das Lagoas

**«AS VOCES LÍRICAS DO SÉCULO XX»**

A través de obras de autores portugueses e españois, esta colectiva é unha homenaxe á arte lírica e, ao mesmo tempo, ao primeiro dos grandes tenores do século xx, Enrico Caruso, que ademais de cantor era tamén caricaturista. Mostra coordinada por Osvaldo Macedo de Sousa, de Humorgrafe.

No Liceo de Ourense

## HOMENAXE AO CARRABOUXO

Unha selección de humoristas galegos celebra o 25.º aniversario do popular personaxe creado por Xosé Lois. Son: Pepe Carreiro, Gogue, Nacho Hortas, Xosé Tomás, Leandro, Xaquín Marín, Pinto e Chinto, Fernando Quesada, Santy, Kiko da Silva, Siro e Suso Sanmartín.  
No Campus Universitario das Lagoas

### «FLOREANOS EN ESCABECHE»

O personaxe de Gogue dá os seus primeiros pasos coa cociña.  
Na Biblioteca do Campus Universitario das Lagoas

## ACTIVIDADES:

### INAUGURACIÓN DA BIENAL

Terá lugar o día 5 de marzo, a partir das 19.30 horas, na Casa da Xuventude de Ourense —coa entrega dos premios do IX Concurso Galego de Caricaturistas Noveis, e a visita á súa exposición e á de Turcios, o autor convidado—, e continuará ás 20 horas, no Campus —coa visita ás exposicións «Homenaxe ao Carrabouxo», «Retranca» e «15 Floreanos en escabeche»—, e ás 20.30 horas no Museo Municipal, coa mostra «Caricaturistas galegos».

### FESTA DA CARICATURA

Coa participación de caricaturistas galegos e portugueses, que traballan de cara ao público facendo caricaturas dos asistentes. Contará coa presenza, pola parte portuguesa, de Zé Oliveira, António Santos, Artur Ferreira, Paulo Santos, Ferreira dos Santos e Onofre Varela; e pola parte galega, de Gogue, de *Faro de Vigo*; Kiko da Silva, Leandro, Pinto e Nacho Hortas, de *La Voz de Galicia*; Antonio Sabín, de *Diario de Ferrol*; Estévez, de *El Correo Gallego*; e de Sex, Carbajo, Michel Casado e Omar, así como os caricaturistas afeccionados que o desexen. O sábado 8, desde as 19.00 até as 21.00 horas, e o domingo 9, desde as 12.30 até as 14.00 horas, no Museo Municipal de Ourense.

### PRESENTACIÓN DO LIBRO «'O FARELO'. CATÁLOGO DE AUTORES»

Repaso dos colaboradores de *O Farelo: Revista de Humor que Rabea por Peneirar*, suplemento do periódico quincenal *A Peneira*, nun volume editado por Alén Miño. O acto terá a presenza de Guillermo Rodríguez, director d'*A Peneira*, e de Xosé Lois González o *Carrabouxo*.  
O día 25 ás 20.00 horas, na Livraria Torga (rúa da Paz, 12).

### PRESENTACIÓN DO LIBRO «O HUMOR NON ENGORDA...!»

Escolma de dez anos de traballo do humorista gráfico Kiko da Silva, editada por Biblos-Clube de Lectores. O volume está prologado por Siro López, bo coñecedor da carreira do artista vigués afincado en Pontevedra. O acto contará coa presenza do seu autor e mais do editor, Tucho Calvo.  
O día 27 ás 20.00 horas, na Livraria Torga (rúa da Paz, 12).

### IX CONCURSO GALEGO PARA CARICATURISTAS NOVEIS

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense como achega á IX Bienal da Caricatura. Aberto a todos os autores residentes en Galicia, entre os 14 e os 30 anos. Con técnica e tema libres, aínda que cunha valoración especial para os personaxes procedentes dos campos cultural, social ou político galegos.

**Premio á mellor colección:** Juan Luis Pérez Rodríguez, pola composta por representacións en acrílico de Luis Moya, Pepe Domingo Castaño, Los Suaves, Teté Delgado, Luis Piedrahita e Quico Cadaval. Dotado con 800 euros.

**Premios ás mellores caricaturas:** Miguel Casado Freire por unha caricatura de Luís Tosar; Daniel Iglesias Padrón por unha de Luis Piedrahita; Roi Rodríguez Cagiao por unha de Evo Morales; e Miguel Ruiz Díaz, por unha caricatura de Iván Ferreiro.

O xurado estivo composto por Juan Francisco Gálvez, José Paz, Isabel Pérez, Omar Pérez e Juan Valcárcel, e actuou como secretario Benito Losada.

#### Enderezos e horarios das exposicións:

- Casa da Xuventude. Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27.  
De 19 a 21.30 horas. Pecha domingos e festivos.
- Campus Universitario das Lagoas, s/n.  
Mostra ao aire libre, visitábel as 24 horas.  
Edificio Politécnico e Biblioteca, de luns a venres de 9 a 21 horas. Pecha festivos
- Centro Cultural da Deputación Provincial de Ourense. Rúa do Progreso, 30.  
De luns a venres, de 11 a 14 e de 17 a 21 h. Sábados e domingos, de 17 a 21 h.
- O Liceo de Ourense. Rúa Lamas Carvajal, 5.  
De 19 a 21.30 h.
- Museo Municipal. Rúa Lepanto, 8.  
De 11 a 13.30 e de 18.30 a 21.30 h. Pecha luns e festivos. Domingos só de mañá.